

CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238

Expediente nº: 433/2023

Informe de Insuficiencia de Medios

Procedemento: Contrato de servizos por Procedemento Aberto

Asunto: Contrato da servizos "Servizo Axuda no Fogar Libre Concorrencia e Dependencia Concello de A Lama"

INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS

En base ao disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), cando se faga necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

Vista a proposta do Servizo sobre a necesidade consistente en Servizo de Axuda no Fogar Libre Concorrencia e Dependencia Concello de A Lama e vista a documentación técnica achegada, emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO. Insuficiencia de medios persoais:

- Que na RPT, non consta as prazas correspondente de persoal municipal para atender as funcións que require o servizo.
- Que se trate de funcións específicas e concretas non habituais que é mellor a súa realización por unha empresa de servizos e por persoal especializado e formado nos cometidos a levar a cabo.
- Que o volume de traballo que este servizo require non se pode acometer polo persoal municipal e non é conveniente a súa ampliación polo seguinte motivo: ser un concello de menos de 5.000 habitantes.

SEGUNDO. Insuficiencia de medios materiais:

- Que non se dispón dos medios materiais necesarios como máquinas, produtos de limpeza, de reposición ou elementos auxiliares necesarios para a prestación do



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238

servizo ao tratarse de prestacións específicas e concretas.

TERCEIRO. O beneficio de externalizar a prestación do servizo é a súa execución por unha empresa que ten todos os medios tanto persoais como materiais para a consecución dos seus obxectivos de atención integral de atención ás persoas dependentes, discapacitadas ou en risco de exclusión social.

CUARTO. Que por parte do órgano de contratación emítase resolución acreditando a insuficiencia de medios e/ou a conveniencia de non amplialos e procédase á celebración dun contrato de servizos.

QUINTO. Publicar o informe de insuficiencia de medios no perfil de contratante de conformidade co establecido no artigo 63.3.a) da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A Lama, na data que figura á marxe.
A traballadora social,

Mónica Barreiro Estévez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

